

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA CONSELLERÍA DE SANIDADE DE LA XUNTA DE GALICIA, LA AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE, LA FUNDACION BIOMEDICA GALICIA SUR Y GILEAD SCIENCES S.L.U. PARA LA REALIZACIÓN DE PRUEBAS DE DETECCIÓN DE VIRUS DE TRANSMISIÓN SANGUÍNEA ("PROYECTO FOCUS", SEGUNDA EDICIÓN)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Sanidade, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade, a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde, a Fundación Biomédica Galicia Sur e Gilead Sciences, S.L.U., formalizaron o 14 de xullo de 2022 o instrumento convencional arriba referido que producirá efectos durante un período dun ano desde a data de comezo do proxecto, con posibilidade de prórroga.

Que o instrumento convencional ten por obxecto coordinar a colaboración entre a Consellería de Sanidade, a través da Dirección Xeral de Saúde Pública, a ACIS, a FBGS e GILEAD, para o desenvolvemento de actividades de interese común, especialmente orientadas á implementación no campo dos virus de transmisión sanguínea do "Proxecto FOCUS".

O Proxecto ten como obxectivos fundamentais:

- mellorar as prácticas de detección do VIH e VHC, e
- vincular aos pacientes coa asistencia, asegurando que teña lugar dando menos a primeira cita médica logo do diagnóstico.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

Con data 18 de xaneiro de 2019 o Servizo Galego de Saúde e GILEAD asinaron un Convenio de Colaboración para a realización de probas de detección de virus de transmisión sanguínea – "Proxecto Focus", que resultou un éxito para o cribado de VHI, VHB e VHC no seu ámbito de aplicación.

Un crecente corpo de investigación demostra que as probas voluntarias poden desempeñar un papel importante para lograr que máis persoas sexan examinadas, ampliando a atención temperá e o tratamento ás persoas diagnosticadas, mellorando a súa calidade de vida e promovendo unha mellor xestión da enfermidade que reduza as posibilidades de novas infeccións.

En 2014, lanzouse a iniciativa Fast-Track Cities no Día Mundial da SIDA en París. As cidades máis afectadas de todo o mundo polo VIH asinaron a Declaración de París sobre Fast-Track Cities Ending AIDS na que se comprometeron alcaldes e outros líderes políticos, as

comunidades afectadas, a sociedade civil, os funcionarios do ámbito da saúde, os provedores de servizos clínicos e outras partes interesadas co propósito de acelerar as respostas locais contra a SIDA.

Esta iniciativa foi respaldada pola Asociación Internacional de Provedores de Atención á SIDA (IAPAC), o Programa Conxunto das Nacións Unidas sobre o VIH / SIDA (ONUSIDA) e o Programa das Nacións Unidas para os Asentamentos Humanos (ONU-Hábitat).

A Consellería de Sanidade, a través da DXSP, pretende ofrecer a máis alta calidade de servizos de saúde para a poboación de Galicia e desexa aumentar o número de probas de VIH e VHC realizadas nos seus servizos. En xaneiro de 2021 a DXSP comezou un programa de cribado de VHI e VHC.

Gilead promoveu o proxecto FOCUS para desenvolver modelos eficaces de detección de virus de transmisión sanguínea (VTS) que permitiron o diagnóstico e a vinculación coa asistencia dos pacientes necesitados. A través do desenvolvemento e a divulgación das mellores prácticas no seu entorno de servizo, os participantes no Proxecto FOCUS tratan de mellorar as prácticas en entornos similares e en sistemas de asistencia sanitaria máis amplos.

Logo dos excelentes resultados do Convenio FOCUS Gilead-SERGAS 2019, a Consellería xunto con ACIS e FBGS, amosaron o seu interese en iniciar unha colaboración con GILEAD nun Proxecto FOCUS para continuar co programa de cribado de VHI e VHC.

O obxectivo e a natureza do Proxecto non é comercial, senón que se centra na investigación para a prevención de virus de transmisión sanguínea, dentro do cal GILEAD asume un compromiso en canto ás condicións de saúde da poboación onde se implementará o Proxecto.

Por todo o anterior e, tendo en conta as razóns de interese público, non resulta posible promover concorrència pública.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector público, ou outro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

O secretario xeral técnico

Alberto Fuentes Losada

